

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

**INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E FOMENTO**

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACION DOS C.E.I.P. (CENTROS DE ENSIO INFANTIL E PRIMARIA) E AS ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES E FONTIÑAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación dun servizo para o mantemento e conservación dos C.E.I.P. e as escolas infantis Serra de Outes e Fontiñas do Excmo. Concello de Lugo elaborado polo arquitecto técnico municipal don José Maria Seijas Fernández

II. Informe de Intervención, do día 26 de abril de 2010 , no que se fai constar, entre outros aspectos, a existencia de consignación orzamentaria na partida 32200.22709 do vixente Orzamento Xeral por importe de 122.400 euros

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación dun servizo de referencia redactado polo Servizo de Contratación do Concello con data 24 de maio de 2010

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^a: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos, que segundo o artigo 10 da LCSP serían aqueles “cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración”. O presente contrato ten por obxecto a realización dun servizo de mantemento e conservación dos CEIP e escolas infantís de Lugo que pode encadrarse dentro da categoría 1 do ANEXO II da LCSP “servizos de mantemento e reparación”

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACION DOS C.E.I.P. (CENTROS DE ENSIO INFANTIL E PRIMARIA) E AS ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES E FONTIÑAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e a de prescripcións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, do seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACION DOS C.E.I.P. (CENTROS DE ENSIO INFANTIL E PRIMARIA) E AS ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES E FONTIÑAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente prego a contratación dun servizo de mantemento e conservación dos C.E.I.P (Centros Públicos de Ensino Infantil e Primaria) e das escolas infantis “ Serra de Outes” e “ Fontiñas” do Concello de Lugo, todo esto de conformidade co prego de condicións técnicas-administrativas elaboradas polo arquitecto técnico municipal José Maria Seijas Fernández.

CPV.- 50800000-3 Servizos varios de reparación e mantemento
CNAE – 33.19 Reparación doutros equipos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos , recollido e regulado no artigo 12 da LCSP e que ten por obxecto a realización dun servizo de mantemento e conservación dos C.E.I.P (Centros Públicos de Ensino Infantil e Primaria) e das escolas infantis “ Serra de Outes” e “ Fontiñas” do Concello de Lugo, todo esto de conformidade co prego de condicións técnicas-administrativas elaboradas polo arquitecto técnico municipal José Maria Seijas Fernández.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 de desenvolvemento parcial da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

A duración deste contrato é de UN ANO contado a partir da data da sinatura da acta de inicio da prestación que se realizará no prazo máximo de quince días a continuación da formalización do contrato sen posibilidade algunha de prórroga.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato ascende a 103.728,81euros ó que sumado o IVE (18%) – 18.671,19 euros – resulta un prezo total de 122.400 € (CENTO VINTEDOUS MIL CATROCIENTOS EUROS)

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 32200.22709 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 122.400 euros.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias ou prohibicións para contratar establecido no artigo 49 da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuira a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^a: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Non obstante o anterior, os contratistas que acrediten estar clasificados ó menos no Grupo O, subgrupo 1, categoría a) estarán exentos da presentación dos documentos acreditativos da súa solvencia económica, financeira e técnica.

Asimesmo e coa fin finalidade de optimizar os tempos de resposta, en especial das avarías ou emerxencias, as empresa licitadoras **deberán dispoñer no termo municipal de Lugo dun local para o axeitado desenvolvemento das tarefas e con capacidade suficiente para a unificación de unha oficina e un almacén taller.**

A tal efecto deberán achegar unha memoria descriptiva do local con as ditas características.

SÉTIMA. GARANTÍAS.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de **3.111,86 euros**

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da publicación da adxudicación provisional no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refª: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN.

As empresas presentarán a súa proposición en **dous sobres pechados**, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras **A - Documentación administrativa** e letra **B – Oferta económica e técnica**

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir este día co 22 de maio ou o 24 e 31 de decembro que se prorogará ó primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. PROPOSTA TÉCNICA E ECONÓMICA.

O sobre denominado (A), documentación administrativa, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,90 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica e técnica conforme a cláusula sexta.

- Declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

esteza prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

-Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

- Xustificante de constitución da garantía provisional por importe de **3.111,86 euros**

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado do Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
 - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 da Lei de contratación do Sector Público.
 - Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.
- Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán

O SOBRE DENOMINADO C, Oferta económica, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACION DOS C.E.I.P. (CENTROS DE ENSIO INFANTIL E PRIMARIA) E AS ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES E FONTIÑAS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

b) Propón como **prezos** do contrato:

1.- En obras por administración referido a materiais, maquinaria e medios auxiliares:

Unha porcentaxe de desconto de% sobre os prezos oficiais anuais fixados pola COAAT de Guadalajara referidos ós prezos unitario de materiais, maquinaria e medios auxiliares

2.- En caso de obras por administración referido á man de obra en xornada normal, horas extraordinarias, nocturnas ou festivas:

..... euros /hora para categoría de oficial 1ª en xornada normal

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

..... euros /hora para categoría de operario en xornada normal

.....% de baixa aplicable ó porcentaxe de incremento sobre os prezos unitarios de man de obra fixados no prego de prescripcóns técnicas en caso de traballos fóra da xornada normal

3.- En traballos por medición ou prezo unitario (caldeiras calefacción e extintores):

..... euros anuais máis o IVE (18%), resultando un total de euros IVE incluído para limpeza, revisions e posta a punto de caldeiras calefacción

..... euros anuais máis o IVE (18%), resultando un total de euros IVE incluído para mantemento, revision e retimbrado de extintores.

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, as empresas licitadoras presentarán unicamente a documentación necesaria para a valoración das ofertas e se é o caso documentación explicativa das melloras ofertadas, abstendose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitarase as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación deberá presentarse de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado (388x275x116 mm). En consecuencia os envoltorios, caixas, archivadores, embalaxas onde se presenten os documentos deberán ser retirados polas empresas licitadoras no prazo máximo de un mes dende a adxudicación definitiva, e no seu caso, serán destruídos polo Concello.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado de Área Cultura, Turismo, Deportes e Educación.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres relativos á oferta económica e técnica (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os criterios de valoración ata unha puntuación global máxima de **20 puntos**, para a selección da empresa adxudicataria terán en conta os seguintes aspectos:

a) Prezo ofertado a baixa desglosados como segue:

- **9 puntos**, no referido a man de obra, en xornada normal, horas extra, nocturnas ou festivas, en prezo unitario ou porcentaxe sobre o prezo estimado no apartado A) da cláusula décima do prego de condicións técnicas, desglosado:

> menor prezo/hora xornada normal para oficial 1^a - **3 puntos**

> menor prezo/hora xornada normal operario - **3 puntos**

> menor porcentaxe único aplicable ó porcentaxe de incremento sobre dos prezos unitarios de man de obra, fixado - **3 puntos**

- **8 puntos**, en obras por administración: onde se valoraran os menores porcentaxes de baixa sobre os prezos unitarios referidos a materiais, maquinaria e medios auxiliares (en porcentaxe sobre os precarios oficiais do COAAT de Guadalajara).

- **3 puntos**, en traballos por medición: onde se valoraran os menores prezos sobre os fixados no apartado B, da cláusula décima dos pregos de condicións técnicas

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

As proposicións que oferten os prezos máis baixos obterán a máxima puntuación e as que oferten o prezo de licitación 0 puntos, e o resto valorarase de xeito proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificárselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

2.- No prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO..

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Ó tratarse dun expediente de contratación con trámite de urxencia, o Concello poderá acordar o comezo da execución do contrato aínda que non se formalizara este, sempre que, no seu caso, se constituíra a garantía correspondente e se adxudicara definitivamente.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (don José Maria Seijas Fernández), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 272 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4.- Os gastos necesarios para a execución do contrato serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir-las disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adopta-las medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de prevención de riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presenta-la acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

- O contratista está obrigado a manter vixente, durante a vixencia do contrato, unha póliza de seguros que cubra a súa responsabilidade civil.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais conformadas polo responsable do contrato, o Concelleiro Delegado da área de Cultura, Turismo , Educacion e deportes así como pola Concelleira Delegada da área de economía e emprego.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

TELÉFONO:		FAX.:	
------------------	--	--------------	--

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O CONCURSO CONVOCADO PARA O MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS C.E.I.P. (Centros de Ensino Infantil e Primaria) E AS ESCOLAS INFANTIS SERRA DE OUTES E FONTIÑAS, DO EXCMO CONCELLO DE LUGO”.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato é a CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS C.E.I.P. (Centros de Ensino Infantil e Primaria) PÚBLICOS, COMEDORES (Dependentes da Concellería de Educación Municipal) E DAS ESCOLAS INFANTIS “SERRA DE OUTES E FONTIÑAS” DO EXCMO CONCELLO DE LUGO.

SEGUNDA.- RELACIÓN DE CENTROS

- CEIP A Ponte
- CEIP As Mercedes
- CEIP Albeiros
- CEIP Anexa
- CEIP Casás
- CEI Fingoi-2
- CEIP Illa Verde
- CEIP Luis Pimentel (A Piringalla)
- CEIP Manuel Mallo Mallo (Nadela)
- CEIP Menendez Pelayo
- CEIP Paradai
- CEIP Quiroga Ballesteros
- CEIP Rosalia de Castro
- CEIP Sagrado Corazón
- CEIP Virxe da Soidade (Gandaras)
- Escola infantil “Serra de Outes”
- Escola infantil “Fontiñas”

TERCEIRA.- DURACIÓN

Os traballos incluídos no presente prego deberán ser realizados polo adxudicatario durante un prazo de UN ANO, a partir da data da firma da acta de inicio da prestación.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

CUARTA.- TRABALLOS QUE COMPRENDE O PREGO

Os traballos incluídos neste prego consistirán en manter en todo momento en óptimo estado de funcionamento todas as instalacións que de seguido se detallan, no referente as obrigas que lle corresponden a este Concello, quedando excluídas as que por lei lle corresponden a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme as directrices e instrucións que imparta a Dirección Facultativa Municipal, no referido os traballos a realizar polo adxudicatario e que fundamentalmente viran referidos a CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO XERAL BÁSICO, de:

- Calefacción (limpieza caldeiras e postas a punto)
- Extintores (revisión e mantemento)
- Canlóns e baixantes (limpezas e pequenas reparacións)
- Pequenos retellados e eliminación goteiras
- Areeiros (limpeza e recheos anuais)
- Arranxos varios albanilería (caída azulexados, tapado fendas, etc)
- Pintura en zonas concretas (afectadas por averías) e moi deterioradas
- Esmaltados (carpintería, calefacción, etc) e barnices (armarios, portas, corchos, etc)
- Arranxos carpintería de madeira e metálica (incluso vidros rotos, mecanismos e ferraxes de seguridade e colgar)
- Arranxo e conservación persianas (cintas e lamas)
- Fontanería e saneamento (desatascos, mantemento, arranxos varios, substitución pezas danadas, accesorios, etc)
- Electricidade (substitución luminarias, mecanismos e accesorios)
- Outros traballos imprevistos que se ordenen polo responsable do contrato.

QUINTA: MEDIOS MATERIALES E HUMÁNS QUE DEBERÁ DISPOÑER O CONTRATISTA-ADXUDICATARIO

O adxudicatario co fin de optimizar os tempos de resposta, en especial das averías ou emerxencias, deber dispoñer no término municipal de Lugo, dun local para o axeitado desenvolvemento das tarefas adxudicadas e coa capacidade suficiente para a ubicación de:

- Unha oficina
- Un almacén-taller

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

Tamen deberá indicar o tipo de medios mecánicos e humanos que vai poñer a disposición para o servizo de mantemento, reparación e conservación.

SEXTA: HORARIO E ORGANIZACIÓN DOS TRABALLOS

- O **horario** de prestación do servizo establece en xornada normal de luns a venres, conforme a convenio, en cuestións de **mantemento** e especial (horas extra, nocturnas ou festivas), si é o caso, en **emerxencias**. De calquer xeito debe terse en conta a afectación mínima posible do funcionamento dos CEIP no horario lectivo escolar

- Na **organización dos traballos** programados deberá contarse co visto bo previo da Dirección Facultativa e da Concellería de Educación Municipal

- Nas **emerxencias**, unha vez notificada polos conserxes ou responsables dos centros a súa existencia procederase a súa solución, debendo aportar o adxudicatario un parte de traballo onde se especifique:

- a data e nº de aviso
- o lugar e tipo de avería ou urxencia
- a procedencia do aviso
- os medios e materiais empregados na reparación
- o conforme do conserxe ou persoal municipal presente.

SEPTIMA: DIRECCIÓN FACULTATIVA, SUPERVISIÓN E CONTROL DOS TRABALLOS.

A **Dirección Facultativa** dos traballos será efectuada por un Técnico municipal, especializado na materia, a quen lle corresponderá dictar as instrucións necesarias o Contratista para a normal e eficaz execución dos traballos ou obras de mantemento e conservación, supervisar os devanditos traballos e proceder a súa recepción e a certificación da execución efectiva.

OITAVA: BASE ECONÓMICA DO CONTRATO

A cantidade que servira de base para a contratación dos traballos de **Conservación e Mantemento dos CEIP**, terá un importe de CIENTO VINTE E DOUS MIL CATROCIENTOS EUROS (**122.400,00 €**), para cada un dos anos de duración do contrato. Nesta cantidade está incluído os porcentaxes dos Gastos Xerais, Beneficio Industrial e IVE, non así a revisión anual do IPC.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

NOVENA: PREZO, VALORACIÓN E PAGO DOS TRABALLOS

a) Prezo dos traballos de mantemento

O prezo ou coste das obras de mantemento ou conservación viran valorados segundo o tipo de traballo, ben por prezo unitario ou por parte de traballo do realmente executado

No caso de reparacións averías ou emerxencias, o prezo vira establecido conforme o parte de traballo, que recollera a man de obra, materiais e medios auxiliares empregados .

b) Valoración dos traballos de mantemento

A valoración económica dos traballos de mantemento e emerxencias que realice o contratista efectuarase mensualmente, conforme o realmente executado nas condicións e prezos establecidos no contrato de adxudicación.

c) Pago dos traballos de mantemento

O pagamento será efectuado polo Excmo. Concello de Lugo, contra factura conformada polo Técnico municipal competente e co visto e praxe do Concelleiro(a)-Delegado(a) correspondente

DECIMA: TRABALLOS DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO XERAL BÁSICO

A.- POR ADMINISTRACIÓN (Mantemento e reparacións)

1.- Man de obra

O prezo de aplicación corresponderase co custo/hora ofertado polas empresas, que inicialmente tendo en conta que os convenios básicos de aplicación son os da Construcción e Siderometalurxia e que na actualidade ten un custo estimado de 17,90 €/hora para categoria de oficial de 1ª e de 16,46 € hora para operarios en xornada normal.

No caso de traballos fora de xornada (horas extra, nocturnas ou festivas) especificarase o prezo/hora que entendemos non debe pasar dun 20 % de incremento máximo, nas horas extra , e nun 50 % nas festivas ou nocturnas.

2.- Materiais

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

Neste apartado dada a gran diversidade de materiais, aparellos e marcas a empregar é imposible establecer unha relación real, polo que a valoración establecerase con prezos de referencia dos precarios do COAAT de Guadalajara en vigor en cada momento.

3.- Maquinaria

O tipo de maquinaria a empregar virá determinado basicamente polo tipo de traballo a realizar, con garantías de seguridade e conforme a lexislación vixente de aplicación, e o seo prezo será o recollido no precario de referencia, neste caso o do COAAT de Guadalajara, salvo que o ofertante propoña outras alternativas ou melloras

4.- Medios auxiliares

Neste apartado ocorre como no anterior e que entre outros será preciso contar con valos, estadas e outros medios de seguridade adaptados o tipo de traballo

Á parte dos prezos por hora, especificarase a dispoñibilidade das máquinas e os medios.

B.- POR MEDICIÓN OU PREZO UNITARIO

1.- Limpezas (anual), revisións e posta a punto (trimestral) caldeiras calefacción de 13 CEIP (25 uds) con gas-oil, 2 con gas e as 2 das garderías.

Coste máximo estimado: 7.280,00 € .

2.- Mantemento e revisión anual e retimbrado (obligatorio cada 4 anos), dos extintores existentes (275 uds), con un coste/anual máximo estimado 1.560,00 €

Estes traballos en todo momento serán proxectados, dirixidos e certificados polo Técnico responsable do servizo

ONCEAVA : CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración ata unha puntuación global máxima de **20 puntos**, para a selección da empresa adxudicataria terán en conta os seguintes aspectos:

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Refº: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

a) Prezo ofertado a baixa desglosados como segue:

- **9 puntos**, no referido a man de obra, en xornada normal, horas extra, nocturnas ou festivas, en prezo unitario ou porcentaxe sobre o prezo estimado no apartado A) da cláusula décima, desglosado como segue:

> menor prezo/hora xornada normal para oficial 1ª - **3 puntos**

> menor prezo/hora xornada normal operario - **3 puntos**

> menor porcentaxe único aplicable ó porcentaxe de incremento sobre dos prezos unitarios de man de obra, fixado - **3 puntos**

- **8 puntos**, en obras por administración: onde se valoraran os menores porcentaxes de baixa sobre os prezos unitarios referidos a materiais, maquinaria e medios auxiliares (en porcentaxe sobre os preciaros oficiais do COAAT de Guadalajara).

- **3 puntos**, en traballos por medición: onde se valoraran os menores prezos sobre os fixados no apartado B, da cláusula décima.

As proposicións que oferten os prezos máis baixos obterán a máxima puntuación e as que oferten o prezo de licitación 0 puntos, e o resto valorarase de xeito proporcional.

DOCEAVA.- PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE

A empresa adxudicataria virá obrigado a redactar un Plan de Seguridade e Saude, conforme a normativa vixente e adaptado o tipo de obra a executar.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 122.400 euros con cargo á aplicación orzamentaria 32200.22709 do vixente Orzamento xeral.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

CONTRATACION E ASUNTOS XERAIS

ASM/mla

Ref^o: proposta mantemento CEIP e ESCOLAS INFANTIS

Asunto:

SEXTO.- Delegar a competencia para acordar a adxudicación provisional na Tenente de Alcalde Delegado da Área de Economía e Emprego.

Lugo, a 24 de maio de 2010

A TÉCNICO DE ADMINISTRACION
XERAL

O XEFE DE SERVIZO DE
CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo. Manuel Louzao Aldariz

CONFORME
A CONCELLEIRA DELEGADA

Asdo. Sonia Méndez García